

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que a partir do 18 de outubro estará aberto o prazo de inscrición nas seguintes actividades organizadas polo Concello de Outeiro de Rei, incluídas dentro da programación de ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER 2010 :

- **XORNADA DE EXALTACIÓN MICOLÓXICA**

Data: Martes, 26/10/2010

Nº prazas: 20

Hora saída: 15:30 h (diante da Casa de Turismo Rural “Río Ladra”)

Cota: Gratuíta

Saída guiada ao campo, recollida e posterior degustación de cogomelos no restaurante Río Ladra.

Esta actividade está aberta á participación de calquera persoa interesada.

- **OBRADOIRO DE MAQUILLAXE**

Datas: 13/11/2010 e 20/11/2010

Nº prazas: 16 (repartidas en 2 grupos de 8 persoas cada un)

Horario: SÁBADO, de 16:30h a 19:30 h

Cota: 9€

Pódese recibir máis información ou realizar a inscrición na Casa da Cultura de Outeiro de Rei.

Outeiro de Rei, 13 de outubro de 2010

O alcalde,

Que o Concello de Outeiro de Rei organiza, en colaboración coa Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo, un **curso de BENESTAR ANIMAL EN GRANXAS** dirixido a gandeiros e traballadores de explotacións gandeiras.

Este curso terá lugar no Centro Cultural de Outeiro de Rei do día 2 ao día 9 de novembro, en horario de 20:30h a 23:30h.

Esta acción formativa é gratuíta; as persoas participantes soamente terán que aboar as taxas de expedición do diploma .

O número de prazas que se ofertan é de 25 que serán cubertas por orde de inscrición a partir do luns día 18, chamando ao 982 393 382 ou no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Outeiro de Rei.